



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTRATEXIA E
PLANIFICACIÓN ECONÓMICA
XERENCIA

CIRCULAR 2/2005 SOBRE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE INCORPORACIÓN DE CRÉDITO

1 de febreiro de 2005

A instrución que regula a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2004 ao orzamento de gastos do exercicio económico de 2005, publicada conxuntamente pola Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica e a Xerencia o 19 de outubro de 2004, establece no apartado de "Tramitación Xeral", que o derradeiro día para remitir os informes e a documentación precisa para efectuar a incorporación de créditos é o día 31 de xaneiro de 2005.

Como o Servizo de Intervención está a devolver diversos expedientes que poderían ser obxecto de trámite de incorporación, **RESOLVO:**

Que para os expedientes devoltos polo Servizo de Intervención, e que sexan obxecto de incorporación, o prazo de remisión ampliase ata o día 28 de febreiro de 2005.

En todo caso, ademais dos informes a que fai referencia a instrución de incorporación para o exercicio 2005, deberase achegar o informe ou escrito de devolución do Servizo de Intervención.

A Coruña, 1 de febreiro de 2005

O vicerreitor de Estratexia e
Planificación Económica



Anxo Ramón Calvo Silvosa

O xerente



Rafael Couto Lestao